

O TEXTO: DEFINICIÓN E CLASIFICACIÓN

DEFINICIÓN

Un texto é unha unidade de comunicación total. Constitúe unha mensaxe completa, mais non ten unha extensión fixa. Pode ser dende unha oración (*Esta mañá tomen un café ben sabedor*) até unha novela (*A Esmorga*).

TIPOLOXÍA TEXTUAL

Hai moitos xeitos de clasificar os textos. Ímonos centrar nas seguintes:

Segundo a canle de transmisión

- Orais
 - Individuais: discurso, conferencia.
 - Colectivos: conversa, debate, entrevista
- Escritos

Segundo a intención comunicativa

- Narrativo: conta unha historia.
- Descritivo: explica como é unha persoa, un lugar, unha cousa...
- Expositivo: analiza e explica conceptos e cuestións diversas.
- Argumentativo: xustifica e pretende convencer.
- Dialogado: establece unha comunicación entre dúas ou máis persoas.
- Prescritivo: establece unhas normas ou consignas.

Segundo o tema

- Literario
- Pedagógico
- Humanístico
- Xornalístico
- Publicitario
- Técnico-científico
- Xurídico-administrativo